

OMPHALOTUS OLEARIUS (DC.: FR.) SINGER: ESPECIE ALÓCTONA DA MICOBIOTA DE GALICIA (ESPAÑA)?

por

M.L. CASTRO¹, F. BARREIRO² et J.J. MARTÍNEZ³

CASTRO, M.L., BARREIRO, F. et MARTÍNEZ, J.J. 2011. *Omphalotus olearius* (DC.: Fr.) Singer: especie alóctona da micobiota de Galicia (España)? *Mykes* 14: 7-11.

RESUMO

Mencionase por primeira vez para o NO ibérico *Omphalotus olearius* e descríbese o material procedente desta zona.

Palabras clave: Galicia, *Olea europaea*, vexetación mediterránea, micobiota alóctona

CASTRO, M.L., BARREIRO, F. et MARTÍNEZ, J.J. 2011. *Omphalotus olearius* (DC.: Fr.) Singer: a new non-native species for Galicia (Spain)? *Mykes* 14: 7-11.

SUMMARY

We register the finding of *Omphalotus olearius*, for the first time, in the Iberian NW countryside, in Galicia and describe it.

Key words: Galicia, *Olea europaea*, mediterranean vegetation, alien mycobiota.

INTRODUCCIÓN

Os fungos, como organismos heterótrofos que son, están directamente relacionados coa fonte subministradora de materia orgánica elaborada, é dicir, coas especies vexetais propias da zona onde se desenvolve, aínda que tamén a climatoloxía ten importancia na distribución e aparición dos cogomelos, como se observa actualmente na modificación do patrón de frutificación dalgúns taxons (CASTRO et

¹ Laboratorio de Micología. Facultade de Bioloxía. Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310-Vigo. e-mail: lcastro@uvigo.es

² Grupo "A Estrada Micológica". e-mail: fucobarreiro@edu.xunta.es

³ Xuntanza Micológica "Os Cogordos". e-mail: lepiota@mundo-r.com

JUSTO, 2007: 176).

Algunhas das especies presentan unha certa especificidade fungo-planta, por esta razón a maior parte dos cogomelos que se recolectan nunha determinada zona teñen que ver coa flora autóctona do lugar (LORENZO et CASTRO, 2009). Sen embargo hai fungos relacionados con especies leñosas introducidas, xa sexa de forma accidental (plantas alóctonas) ou cultivadas (forestais ou ornamentais), o que é facilmente observable cando se estuda a micobiota dos eucaliptais (LAGO-ÁLVAREZ et CASTRO, 2004). Son estes cogomelos os que forman a micobiota alóctona.

Algo semellante ao caso dos eucaliptos (*Eucalyptus* sp. pl.) é o que ocorre coas oliveiras (*Olea europaea* L.) que non forman parte da flora espontánea de Galicia. Son árbores que, en zonas bastante limitadas das provincias de Ourense e Lugo cunha climatoloxía máis fitomediterránea, foron cultivadas desde antigo para a obtención de aceite. Na actualidade están máis extendidas polo territorio galego, xa que se introducen, como ornamentais, vellos exemplares procedentes doutras zonas da Península Ibérica. Son árbores vellas onde foron recolectados os exemplares fotografiados e estudados para a realización deste traballo.

DESCRIPCIÓN DO TAXON

***Omphalotus olearius* (DC.: Fr.) Singer, Pap. Michigan Acad. Sci., Part I, 32: 133. 1948 (1946).**

[≡ *Agaricus olearius* DC. in Lam. et DC., *Fl. Franç.* (DC. & Lamarck), ed. 3, 5/6:



Fig. 1. *Omphalotus olearius* procedente de Ourense

44. 1815; ≡ *Pleurotus olearius* (DC.: Fr.) Gillet, *Hyménomycètes*: 344. 1876; ≡ *Clitocybe olearia* (DC.: Fr.) Maire, *Treb. Mus. Ci. Nat. Barcelona 15*, *Sèr. Bot.* 2: 73. 1933 (INDEX FUNGORUM PARTNERSHIP, 2008)].

Macroscopía: Píleo de tamaño variable, entre 4 e 15 cm de diámetro, plano convexo, umbilicado no fin, liso, de cor pardo enferruxado vivo, con tonalidades alaranxadas, algo máis escuro no centro. Láminas decurrentes, non bifurcadas, delgadas, de cor máis intensa que o píleo, máis alaranxadas ou cor azafrán. Estipe relativamente longo, nalgúns exemplares sobrepasa amplamente o diámetro do sombreiro, fortemente adelgazado na base, liso e concolor con o píleo. Carne fibrosa e elástica, amarelo alaranxada, máis escura na base do pé. Cheiro forte a touciño rancio.

Microscopía: Esporas subglobosas, lixeiramente ovoides, de 6-7 x 5-6 mm, lisas e hialinas. Basidios tetraspóricos, lixeiramente mazudos. Sen pleurocistidios. Queilocistidios cilíndricos ou fusiformes, ás veces co terzo superior dixitado. Pileipelis filamentosa, tipo cute, con fortes incrustacións de pigmento pardo ferruxinoso e con fíbulas.

A cutícula con amoníaco (NH₄OH) dá cor verdosa (ESTEVE-RAVENTÓS et al., 2007: 453). Non se comprobou no material estudado.

Distribución en Galicia: Son as primeiras observacións que se publican para Galicia, aínda que coa proliferación de oliveiras antigas, en xardíns e fincas particulares, procedentes de diversas provincias españolas, así como co quecemento do NO da Península Ibérica, que se aprecia nos últimos anos, non sería extraño que comezase a aparecer con certa frecuencia, como está a pasar xa no concello de A Estrada nos últimos anos: Curantes, Valfresco, 15-XI-2009 (informa F.Lamas), Chapurros, Lagartóns, 29-X-2010 (na exposición das xornadas micolóxicas organizadas pola asociación «Estrada Micolóxica»). En Galicia é probable que se trate dunha especie alóctona, porque non frutificaría se non fose introducido primeiro o hospedante ao que con maior frecuencia parasita.

Distribución a nivel mundial: Esta especie saprófita, da familia *Omphalotaceae*, frutifica por toda a Europa mediterránea e norte de África, preferentemente durante o outono, sobre raíces mortas, ou na

base dos troncos, de plantas leñosas dos bosques esclerófilos mediterráneos (ESTEVE-RAVENTÓS *et al.*, 2007: 453-454). Na Península Ibérica foi observado sobre *Olea*, *Acacia*, *Mimosa*, *Phillyrea*, *Lavandula*, *Cistus*, *Eucalyptus*, *Prunus*, *Chamaerops* e *Juniperus* (MORENO *et* MANJÓN, 2010: 1071). Os diversos autores discrepan sobre a súa frecuencia e abundancia.

Ten un sosias septentrional, con aspecto morfolóxico semellante, pero coa cor tirando máis ao amarelo ovo, que é *Omphalotus illudens* (Schwein.: Fr.) Bresinsky *et* Besl, que frutifica sobre árbores caducifolias, preferentemente *Quercus*. Non temos constancia de que fora atopada en Galicia.

Observacións: É un cogumelo moi tóxico, aínda que non mortal. Produce alteracións gastrointestinais: vómitos, náuseas, fortes dores de ventre e diarrea, debido á presenza de illudinas e pseudoilludinas, e trastornos psicossomáticos: vértigos, mareos, parestesias, lipotímias e relaxación muscular (GARCÍA BLANCO *et* SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, 2009: 44).

Ten propiedades de bioluminiscencia. As láminas dos exemplares xóvenes e frescos son lixeiramente fluorescentes, só visible despois de permanecer algúns minutos en absoluta escuridade (ESTEVE-RAVENTÓS *et al.*, 2007: 454).

Confusións: Tanto *Omphalotus olearius* como *O. illudens*, ambos tóxicos, poden ser confundidos con *Hygrophoropsis aurantiaca* (Wulfen: Fr.) Maire, de frutificacións individualizadas, láminas bifurcadas, humícola ou lignícola sobre coníferas, de escaso valor como comestible; con algunha especie de boa calidade gastronómica como *Cantharellus cibarius* Fr., que presenta carpóforos individualizados, con pregues en vez de láminas e forte cheiro a pésego ou con *Paxillus involutus* (Batsch: Fr.) Fr., carnoso, de marxe enrulada e cutícula viscosa, aínda que é humícola.

Material estudado: PO, A Estrada, 8-XI-2010, sobre *Olea europaea*, leg. F.Barreiro, LOU-Fungi 19722; OU, Ourense, barrio de Mende, 7-XI-2010, sobre *Olea europaea*, leg. J.J.Martínez, LOU-Fungi 19723.

BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO, M.L. et JUSTO, A. 2007. Corología de *Amanita ponderosa* Malençon et R.Heim en la Península Ibérica. Posible relación con el calentamiento global in *XVI Simposio Botánica Criptogámica. Libro de resúmenes*: 176. Universidad de León.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELLA VIDAL, J. et ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Ed. Jaguar. Madrid.
- GARCÍA BLANCO, A. et SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, J.A. 2009. *Setas de la Península Ibérica y de Europa*. Editorial Everest. León.
- INDEX FUNGORUM PARTNERSHIP (CABI, CBS, LANDCARE RESEARCH-NZ) 2008. <http://www.speciesfungorum.org/Names/Names.asp> [03/01/2011].
- LAGO-ÁLVAREZ, M. et CASTRO, M.L. 2004. Macrobasidiomicetos asociados a *Eucalyptus* en la Península Ibérica In: *Fungi non delineati. Pars XXVII*. Ed. Candusso. Alassio.
- LORENZO, P. et CASTRO, M.L. 2009. Estudio de la micocenosis de macromicetos del Parque Natural del Monte Aloia (Pontevedra, España). *Anales Jard. Bot. Madrid* 66SI: 151-156.
- MORENO, G. et MANJÓN, J.L. 2010. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Ed. Omega. Barcelona.